

¡Nós tamén estivemos nas Escolas Proval!

As Escolas Proval nos anos 50 a través do testemuño dos seus alumnos e alumnas.

Juan González Pérez

As Escolas Proval foron dende sempre un referente educativo e cultural no Val Miñor. A min tráenme lembranzas dun pasado xa afastado no que o que nos rodeaba era moi diferente. Chegar dende A Ramallosa a Mañufe era unha aventura, sobre todo para nós, rapaces novos de trece ou catorce anos e cunha vella bicicleta como único medio de locomoción.


Aquela estrada estreita cun firme de incrivelmente simétricos adoquíns facía tremer as nosas mans e todos os ósos do corpo, tanto dos que guiábamos as bicicletas como daqueles que tiñan que axustarse ó duro portavultos, porque ¡claro está! ¡non todos íamos ter en que desprazarnos!

Pasábamos primeiro pola vella praza da Ramallosa, onde foi o primeiro emprazamento das Escolas, na curva do Muíñeiro; logo pola casa do Luís, aquel rapaz do que nunca máis volvín saber e do que o seu pai, o Pesanco, traballara arreo colocando adoquíns nesta mesma estrada. Logo a caseta dos peóns camiñeiros; deles xa non me lembro pero si da súa caseta á beira do camiño.

O alto de Vilaríño era a proba de lume, era o porto de primeira categoría; alí estaba Dorinda a modista, onde íamos tantas veces ca miña nai e irmáns, e é que daquela case que non había tendas de roupa e ir a Vigo era caro e sobre todo un suplicio. Dorinda era, e é, unha gran modista e nós aproveitábamos cando íamos tomar medidas dun mandilón ou dun pantalón para xogar cos seus fillos e mollarnos no río.

Daquela non era necesario ir en fileira por medo ós coches; a viaxe era un xogo, "que eu che adianto", "que o fago eu", tentábamos levar as grosas rodas das "orbeas" ou "behaches" por enriba do raíl do tranvía. Cando este se achegaba baixábamos rapidamente para pór unha perra sobre o ferro e recollela despois coma se fora unha tortiña. Pasabas o cambio e xa divisabas o edificio das Escolas e sobre todo o seu campo de fútbol, porque os tempos teñen cambiado, pero o fútbol, ¡ai coño! Que sería de nós sen o fútbol.

A paisaxe ó redor das Escolas non ten mudado tanto, o monte segue case que intacto; era



Material bibliográfico utilizado nas Escolas Proval

por alí por onde subíamos, polo camiño fondo que vai por detrás da de Leonisa. Saltábamos un pequeno muriño e xa case que non nos daba tempo a baixar das bicicletas. Xogábamos, corríamos baixo os altos "orcalitos" e acacias que deixaban o "estadio" cheo do seu froito, unhas cocas que se incrustaban nos xeonllos de Carlos Vázquez, o fillo de Don José o médico, o noso porteiro, ou nas canelas de Gustavo, que era o máis traste de todos e agora é mestre no instituto de Gondomar.

Os partidos duraban ata que aparecía a nosa maior inimiga, a fame; pero todo tiña solución: as mochilas estaban cargadas de bocadillos de mortadela, de chocolate ou de manteiga con azucre. E para merendar que mellor sitio que o patio das Escolas; había que saltar un muro, pero iso para nós non era nada do outro mundo. Alí xantábamos, alí gorecíamos da chuvia sen saber que detrás das vellas portas un día íamos atopar un tesouro.

Rematar a merenda significaba volver a ter enerxías para seguir correndo detrás da pelota, para enchernos dunha máxica terra que non pensábamos sacar do corpo ata o sábado pola tarde, día negro e de recordos funestos para todos nós, no que a auga e o xabón desfacían todas as aventuras e victorias da curta semana.

Cando a tardiña caía regresábamos cara á Ramallosa, xa cansos; ó pasar pola do Rincho as pedradas aumentaban o seu xa preguiceiro ritmo; sabíamos que a cea estaba presta.

E así un día e outro. Proval era entón o único espazo onde botar un bo partido de fútbol, unha vez que as asimétricas porterías da prazoliña da Ramallosa xa non nos motivaban en grande maneira.

Aquel día non parou de chover dende que chegamos ás Escolas Proval. Saltamos o muro e xogamos nos soportais do patio interior ata que se nos ocorreu ollar o que había detrás daquelas altas ventás. Subímonos un sobre outro, ó cabaliño, tentando achegarnos o máis alto posible, pero non había maneira. Entón probamos empurrando con forza as grandes portas de madeira; tampouco tivemos sorte. Cando xa estábamos case que rendidos ante o edificio atopamos unha pequena portiña que daba como a un almacén; se púñamos todas as nosas forzas de seguro que non ía resistirse. E así foi.

Pasamos a un escuro e sucio almacén; máis dun de nós pensou en saír correndo, pero era maior o medo ó ridículo que o temor ós misterios do descoñecido. Dende o almacén empurramos outra portiña e case sen esforzo aparecemos baixo unha grande escaleira de chanzos de mármore. Xa estábamos dentro, escoitábanse ruídos por todos lados e os nosos ollos desapareábanse dun lado a outro buscando unha boa escusa para fuxir voando sobre os nosos pasos.

Había un recibidor amplo e moi alto, dende onde partían as escaleiras. Todo se ollaba sucio pero non vello, como se o paso de tantos anos non deixase pegada na arquitectura do edificio, nin tan sequera nuns mobles, iso si, cheos de po e grandes teas de araña.

Como por instinto o noso primeiro paso foi abrir unha gran porta xusto en fronte das escaleiras, e ese foi o gran tesouro de Proval, a grande xoia desaparecida e espoliada sabe Deus por quen. Estábamos nunha inmensa biblioteca cas paredes cheas de libros, de enciclopedias, de álbumes, de fotografías, todo ben ordenado como se o tempo tampouco pasase por ela. Empezábamos a sacar libros, a ollar as fotos, a pensar que todo aquilo xa era un pouco noso e que non deberíamos deixalo escapar. Non sería así.

Pero éramos rapaces e o que máis nos atraeu foron os animais desecados (avestruces, paxaros...), o globo terráqueo, pero sobre todo un esqueleto humano. Nunca xamais tivéra-

mos fronte a nós aquela morea de ósos tan ben dispostos, os dedos tan fracos e con tantos ósos (lembraba aquilo de falanxe, falanxeta...) que tan só podíamos ollar nas fotos e debuxos dos nosos libros. E esta vella escola ¿como era posible que os nosos pais e avós puideran gozar destes medios didácticos?

O chan estaba cheo de papeis. Agacheime e recollín unha fotografía. Nela aparecía un grupo de rapaces cos seus profesores. Gardeina no peto. Anos despois aqueles nenos ían confirmar-me como era a Escola Proval no ano 1950.



De arriba a abaixo e de esquerda a dereita:

Fileira 1:

José Osorio (Director), Dolores Expósito de Osorio, Dona Otilia, Don Salvador.

Fileira 2:

M^a Luz Pena, Chaín, Benigno Alborés, José Luis Pereira, Antonio Bravo Quintas, Tito Valenzuela, Pablo Alborés, Marina Vionzek e Ita (irmán de Lora).

Fileira 3:

Rosina Pérez, Ángeles Rey, Lolita (a sobriña de D. Ramón o Cura de San Pedro) Teresita Valverde, Mercedes (a filla do Forestal), Anita, Fina (filla de Paco "O Tranviario"), Chucho Sestelo, Bugallo, José Domínguez (Pepe "O Roque"), Rafael Oliveira, Antonio Pérez, Carmiña Vázquez, M^a Luisa Riveiro e Élida González.

Fileira 4: Mucha González, Chicha Fajo, Luciano Sanromán, Antonio González Roade, Raul Gallego Lacruz, Ángel González Ramilo, Pedro, Pepín, Domingo Estarque, Alvarito Alonso, Mirucho Valenzuela, Manuel Leal (Lora) e Fino Lorenzo.



*Rosina
Pérez
Giménez*

Ó principio era unha escola pública que se fixera cos cartos dos emigrantes miñoranos en América. Cando esta fotografía era unha academia que montara D. José Osorio coa súa muller Lolita, que non era mestra pero daba clase igual.



*Antonio
González
Roade*

As Escolas Proval quedaran abandonadas e estes dous mestres, que dicían eran de esquerdas e foran inhabilitados para dar clases oficiais, colleron estas aulas e montaron unha academia para prepararnos para o bacharelato; despois tiñamos que presentarnos ós exames en Pontevedra. Os alumnos éramos de todo o Val, lembro nenos de Gondomar, da Ramallosa, de Nigrán, de Parada... o que non sei é se había algún de Baiona.



*Ángeles
Rey*

Meu pai, Álvaro Rey, dera clases na antiga Proval pero tiveron que pechar as Escolas porque os americanos non podían seguir enviando cartos coa Guerra Civil; entón entregáronllo ó Goberno Civil para que se fixera cargo.

Foi entón cando a fotografía; era unha escola privada onde nos preparaban para o Bacharelato. Daban clases D. José Osorio, a súa muller Dolores, Dona Otilia e Don Salvador. Creo que tamén estaba D. Sebastián Pena e o famoso D. José María, ¡famoso polo malo que era!; ¡cando pasaba por diante da casa de Tucho e Rosita en Mañufe tiñan un can que sempre se lle botaba enriba!.



*Elida
González*

D. Salvador e Dona Otilia estaban de mestres en Gondomar e foi cando Proval quedou sen 2ª Ensinanza. Informáronse de que D. José Osorio e súa dona Dolores quedaran sen emprego en Santiago; entón chamáronos e propuxéronlles instalar un colexio privado.

Lémbrome perfectamente o día que se fixo a fotografía pero dende aquela ata hoxe non a volví mirar, ¡parecíame que éramos un cento de rapaces!, ou eso tiña na mente, e non chegamos nin a cincuenta. Como ía dicindo lémbrome de cando fixemos a foto no patio interior do colexio. Eu, miña irmán Mucha e Rosina éramos as máis pequenas e os maiores metíanse con nós; penso que saímos nas esquinas máis por medo que por outra cosa. Estábamos rapaces de moitas idades e nós éramos as máis pequenas. Impartíase Bacharelato Elemental, dende 1º a 4º.



*Antonio
Pérez
Giménez*

A entrada era por onde está agora e había unha gran pedra na parede, un letreiro, onde estaban os nomes daqueles que participaron dende América ou dende o Val Miñor para pór en marcha a Escola. Despois estaba unha fantástica biblioteca, a aula de Física e Química, a de Natureza co seu esqueleto, co corpo humano de aceiro para mostrar os músculos e outro no que se podían ver os órganos.



*Rosina
Pérez
Giménez*

Na Biblioteca, que me parecía enorme, estaba o Espasa completo ¡que colexio en Galicia o tería naquela época!. Tamén había unha aula de Natureza na que estaban moitos animais disecados, o lobo, o zorro... ata había un estoxo con gran cantidade de bolboretas disecadas. A nós todos estes animais dábannos un pouco de medo. Tiñan unha grande colección de pedras para estudar xeoloxía.



*Antonio
González
Roade*

Había moitísimas cousas traídas de América; eu recordo especialmente o tren que funcionaba a carbón e vapor e é que a vida no Val Miñor transcorría ó longo das liñas do tranvía, penso que eso debía ser o que o facía especialmente atractivo.

De todos os xeitos nada daquilo podíamos tocar, nin os libros, nin os animais, nin o tren, nada; só usábase as clases e aquilo estaba pechado; xa empezaba a estar abandonado e algunhas cousas ían desaparecendo. A nós non nos deixaban entrar nesas aulas, pero claro que o facíamos e o utilizábase para xogar, non podíamos imaxinarnos as posibilidades didácticas que tiñan.



*Antonio
Pérez
Giménez*

Tamén había un mesturador de cores; era unha máquina que se lle dabas voltas moi rápido só se miraba de cor branca; tamén probetas e un gran laboratorio de química. Noutra habitación estaban os instrumentos de música e os uniformes dos exploradores; daquela xa non se usaban e pouco a pouco fórono roubando todo.



*Élida
González*

A biblioteca estaba perfectamente equipada para o seu tempo, o que pasa é que nós éramos tan pequenas que non o sabíamos valorar; o que si sei é que había libros de todo tipo, cadernos de exercicios, enciclopedias... e toda clase de aparatos, dende proxectores a fonógrafos, pasando por máquinas de escribir ou de coser.



*Rosina
Pérez
Giménez*

Había un piano na biblioteca e toda unha serie de máquinas de coser "Singer" para aprender costura, sobre todo as nenas; tamén isto foi desaparecendo pouco a pouco. Todo isto tampouco se usaba, estaba semia-bandonado. Tamén había máquinas de escribir para os alumnos.

Para min era un espazo grandísimo, as aulas, o patio, todo me parecía enorme ¡agora o ves e non é nada!, as aulas, a biblioteca, aquilo si era grande. Despois está o xardín, que é onde se fixo a fotografía.



*Élida
González*

Nós víñamos da Escola Pública onde todo era disciplina e aquí os mestres tratábase doutro xeito; incluso o primeiro que recordo ó chegar á Proval foi que estábamos sentadas no pupitre Mucha e máis eu e acercouse un rapaz e empezou a meterse con nosoutras.


 Ángeles
Rey

As aulas eran moi grandes e frías. A xente achegábase andando, en bicicleta ou no tranvía; nós, que víñamos dende A Ramallosa, collíamolo no "Cambio" para aforrar unhas perras.


 Rosina
Pérez
Giménez

Todo o pagaron os emigrantes de América, non sei se o trouxeron de alá ou se o mercaban aquí. Fixeron o colexio pensando nas poucas posibilidades que tiñan os nenos do Val para aprender, non querían que se repetira a súa historia, emigrar e ademais facelo sendo case que analfabetos. A súa vida fora moi dura, pero fixeron cartos que utilizaron para mellorar a vida dos que aquí quedaban.

As escolas nun principio tiñan comedor escolar, cociña propia e tamén tiñan unha cocheira, á entrada do recinto; alí gardábase unha especie de autobús que recollía ós nenos das parroquias máis afastadas.


 Antonio
Pérez
Giménez

Cando meu sogro, Marcelino Alborés, estivo en Proval aínda había comedor e ningún que fora a esta Escola pasaba fome; tamén se lle daba a todos mandilón e alpargatas e incluso tiñan servizo de perruquería. Alí non se diferenciaban ricos de pobres.


 Rosina
Pérez
Giménez

O patio estaba rodeado de soportais e ás costas da foto estaba a casa do garda, o que hoxe chamaríamos conserxe; era D. Castillo e a súa muller Dona Lola, ¡tíñamoslle medo! E é que impuñan moito respecto.


 Antonio
González
Roade

Xogábamos moito. Íamos en bicicleta dende A Ramallosa, dende Nigrán ou de onde fora. A estrada era de terra e había un pequeno sendeiro entre as vías do tranvía e a cuneta, por alí íamos cas bicis. Os de Pereira, sobre todo Bernardo, eran uns artistas do pedal; ían polos raíles ou polos campos de millo ou amarrados ó tranvía ou a algún coche que pasaba moi de vez en cando.


 Antonio
Pérez
Giménez

Xogábamos no patio cas bicicletas e Bernardo Pereira non era a primeira vez que entraba na clase con ela.


 Élida
González

Podíamos andar por todo o edificio sen problemas, aínda que as aulas estaban ó redor do patio; deixábanos ir á biblioteca ou a onde fora.

Domingo Estarque, Carmiña Vázquez e M^a Elvira sabían todo; eu admirábaos e pensaba que nunca na vida ía saber tanto como eles tiñan aprendido.


 Ángeles
Rey

Todo estaba pechado a cal e canto. Sabíamos da Biblioteca, dos animais disecados, etc... pero rara vez os podíamos ollar. Aquilo gardábo Carmen, a de Mañufe, porque o seu marido, que o matou un coche, fora o ordenanza da escola antiga.



Antonio
González
Roade

Era a época do contrabando, máis ben do "estraperlo", e a irmán de Maruja Amoedo traía de Vigo café e algunha outra cousa. Sempre viña no Tranvía; en fronte de Proval ou no Cruceiro esperábaa a Garda Civil; entón tiraba toda a mercancía pola ventá e nós saíamos a correr e collíamolo todo.

O mellor de todo era o campo de deportes, alí pasábamos todo o tempo xogando. Tamén era o lugar de facer a ximnasia. As Escolas Proval tiñan tamén unha presa de auga moi grande que a abastecía, daquela, e xa había auga corrente; ás veces bañábamonos naquela especie de piscina.

E todo aquilo foi espoliado, foi desaparecendo ós poucos. Logo pechouse a Academia e utilizouno a Sección Feminina como Campamento, máis ou menos dende 1953, e aí xa non quedou nada.



Rosina
Pérez
Giménez

Cando se fixo o campamento da Sección Feminina cambiou todo; tíñano moi limpo; fixeron unha fonte no medio do xardín cun chafarís. As xefas eran Dona Elvira e Dona Marujita Vizoso e as nenas eran do Val Miñor e de fóra del; pasaban quincenas de vacacións facendo ximnasia, lume de campamento, izábase a bandeira e, por suposto, cantábase o "Cara al sol". As rapazas aprendían labores, cociña... e tamén lles impartían clases de política.



Ángeles
Rey

Logo fixéronse campamentos da Falanxe, da Sección Feminina; era o "Campamento María Laura" en honra a unha irmán do xinecólogo Colmeiro que morrera naquela época. Cando chegaban as da sección Feminina non quedaba nada nos arredores, nin uvas, nin froita, nada.

Viñan rapazas de toda Galicia, moitas do interior e cantaban unha canción que dicía "he venido, he venido al campamento M^a Laura y me marchó muy contenta porque está cerca de la playa".



Élida
González

Despois D. José Osorio cambiou a Academia para a casa de Miguel da Escola (en fronte ó antigo baile de Mañufe), a casa onde agora está Pepe "O zapateiro", e para a Proval viñeron uns profesores de Vilagarcía, D. Luís Mouriño e Dona Sara. Entón volveu ser Escola Nacional e fixeron a súa vivenda no piso de arriba, unha casa moi grande e desarreglada; deixaron de ir os falanxistas e volveu ser un colexio normal.

Logo conviviron durante algún tempo a Escola Privada coa Pública, pero había moitos problemas, celos profesionais, etc.; e foi entón cando D. José e Dolores deixaron de utilizar Proval e montaron a Academia na casa dos da Escola.



Antonio
González
Roade

Foi unha época moi feliz, a máis feliz, e unha infancia moi diferente á dos nenos de agora.

Ninguén soubo daquela fotografía. As nosas intencións eran outras, había demasiadas tentacións como para deterse nun papeliño tan pequeno.

Case que sen pensalo botámoslle man ó esqueleto, case perfecto; daba medo, os nosos fracos e empoeirados xeonllos chocaban e facían un ruído que se nos facía enxordecedor. Era tan só medo, non só a aqueles bichos, a aqueles ósos, senón tamén a que alguén aparecera de súpeto. Arrincámoslle a caveira dun tirón seco e collémola nas nosas mans. Saltaba como se tivera vida, como se dera os derradeiros estertores. Os restos dun crime perfecto.

Abrimos unha vella bolsa gris que eu conservaba coma un tesouro, pois era a que utilizara meu pai cando estivera en Ifni. Sacamos o pouco que dentro dela había e puxando con forza metemos aquel trepanado resto dun corpo humano.

Saímos sobre os nosos pasos pero cunha endiañada rapidez; pechamos o que a urxencia do tempo nos permitía e escoitamos voces, pasos, renxidos, todo o que se podía escoitar; saltamos o enreixado do patio e montamos sobre as nosas bicicletas que, como sempre, nos agardaban pacientes preto do campo de fútbol.

A viaxe ata A Ramallosa fíxose interminable a pesar de que pedaleamos sen cesar e con todas as nosas forzas sobre os duros adoquíns. Parecíanos que o tráfico era maior que nunca, e por riba a xente coñecida que nos saudaba e veña a preguntarnos a que se debía tanta présa.

Nolete, aquel que fora gran xogador do Celta, pasou co seu inmenso "Mercedes" no que tantas veces montamos facendo dedo para ir adestrar co Gondomar; pasou ó noso lado, baixou a xanela e mirounos fixamente. De seguro sabía o que estábamos a facer. Era forte, serio e tiña unha voz que amedrentaba. Díxonos "¿cando se fala galego, fálese galego, ¿estrada!, ¿estrada e non carreteira! ¿Que é iso de carreteira?". Acelerou de novo e deixamos de velo no horizonte do alto de Vilaríño. Nós ben sabíamos por que o dicía; bufamos de tranquilidade.

Chegamos á Ramallosa, os mitos eróticos "H." e "C." saudáronnos ó pasar mentres Manolito as increpaba para que entraran na tenda; aínda cas présas deunos tempo a botarlles unha ollada. Aparcamos as nosas bicicletas debaixo da gran acacia que estaba en fronte das cocheiras dos tranvías e escavamos con urxencia un fondo burato; soterramos o cranio. Ninguén nos mirara. Carlos, o fillo do D. José, quixo botarlle unha derradeira ollada; tamén Suso, o de Pascual, e máis Calero. Eu, a pesar do medo, non ía ser menos. Todo transcorreu a grande velocidade, e enchemos de novo o burato de terra.

Agora só quedaba esperar, esperar a que alguén o atopara para iniciar as investigacións: ¿a quen pertence? ¿onde está o resto do corpo?. De seguro os seguintes días na Ramallosa fan ser moi interesantes.

Satisfeitos da proeza collemos camiño das nosas casas. Era sábado, día no que se limpaban todas as aventuras da semana nunha grande bañeira. Esa noite había un mago no Bar Galicia, presentaba o seu novo espectáculo Fu Manchú. Tiñamos que andar de présa para coller un bo sitio.

Aquela visita á Proval, o descubrimento daquel tesouro agochado e perdido non se nos esquecería nunca. ¿O cranio?, nunca máis se soubo del, pero asegúrolles que eu aínda penso que algún día aparecerá e entón poderemos vivir aquelas investigacións coas que hai máis de vinte anos soñamos.